

Formación Profesional dual



UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
O FSE inviste no teu futuro



**XUNTA
DE GALICIA**



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE EDUCACIÓN
Y FORMACIÓN PROFESIONAL

galicia

Marco normativo da FP dual en España e en Galicia



UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
O FSE inviste no teu futuro



**XUNTA
DE GALICIA**



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE EDUCACIÓN
Y FORMACIÓN PROFESIONAL

galicia

FP dual

Finalidade

Cualificación profesional das persoas onde a formación se comparte entre o centro educativo e as empresas nun contexto de actividade laboral real.

Dirixida a


Persoas maiores de 18 anos
(con carácter xeral, dependendo da modalidade)

Obxectivos principais

Inserción laboral do alumnado.
Mellora da competitividade das empresas.

Oferta educativa

Complementar a oferta formativa existente e que ambas as modalidades coexistan.



FP dual

Características

Duración do ciclo

Dous ou tres anos.

Estadía do alumnado na empresa

Configurable: Mínimo 4-5 meses, ata 12 meses ou máis.

Porcentaxe mínima de formación curricular na empresa

33 % (das 2.000 horas, mínimo 660).

Actividade do alumnado na empresa

Formación curricular, formación complementaria e actividade profesionalizadora.

Remuneración

Proporcional ao tempo que o alumnado dedique á actividade profesionalizadora na empresa.

Seguridade Social

Obrigatoria, é bonificada tanto para o alumnado como para a empresa.

FP dual

Comparación FCT – FP dual

	FCT	FP dual	
Número de módulos	Un só módulo	Os acordados	Precisamos un programa formativo, acordado coa empresa
Resultados de aprendizaxe	Os establecidos no currículo	Os acordados por cada módulo	
Duración	A establecida na normativa	A acordada	
Avaliación	Apto/a	Numérica	Maior seguimento

FP dual

Marco normativo

Real Decreto 1529/2012, de 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e a aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual.

Orde pola que, para curso académico, se autorizan proxectos experimentais de formación profesional dual de ciclos formativos de formación profesional en centros educativos, en colaboración con diversas entidades.

Resolución do 24 de xullo de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no curso 2018/19.

FP dual

Marco normativo

O Real Decreto 1529/2012 define:

- A Formación Profesional Dual e as súas modalidades.
- Aspectos laborales e formativos do contrato para a formación e a aprendizaxe:
 - Requisitos dos destinatarios
 - Duración
 - Salario
 - Actividade formativa
- A Formación Profesional dual do sistema educativo:
 - Programa de formación
 - Convenios coas empresas
 - Bolsas

FP dual

Marco normativo

A Orde pola que, para curso académico, se autorizan proxectos experimentais de formación profesional dual define:

- Requisitos das persoas solicitantes.
- Procedemento para solicitudes, admisión e matrícula do alumnado.
- A avaliación.
- Continuidade no proxecto e exclusión do alumnado.
- Módulos profesionais xa superados ou validados.
- Centros educativos, ciclos formativos e entidades colaboradoras nos que se autorizan proxectos de formación profesional dual.

FP dual

Marco normativo

A resolución do 24 de xullo de 2018 detalla aspectos relativos:

- Ao **programa formativo** que o alumnado adquirirá durante a súa estadía na empresa.
- Ao **plan individualizado** para o seguimento da formación do alumnado.
- Aos **acordos específicos** que deberán subscribir os centros educativos coas empresas.
- Á Formación profesional dual por ciclo completo polo **réxime de persoas adultas**.
- Á Formación profesional dual con alumnado de segundo curso polo **réxime ordinario**.

FP dual

Organización académica

Organización académica da FP dual en Galicia

```
graph TD; A[Organización académica da FP dual en Galicia] --> B[Réxime de persoas adultas<br/>(Ciclo completo)]; A --> C[Réxime ordinario<br/>(Segundo curso)];
```

Réxime de persoas adultas
(Ciclo completo)

Réxime ordinario
(Segundo curso)

Formación profesional dual

	Polo réxime de persoas adultas	Polo réxime ordinario
Oferta	Específica e adicional	Parte da oferta ordinaria
Formalización	Convenio marco + acordo esp.	Acordo específico
Solicitud de participación	Mesmo prazo que o resto de ofertas	1º Trim. do 2º curso ordinario
Módulos	Todos os módulos do ciclo	Módulos de 2º curso ordinario
Nº de alumn@s	Mínimo 12	Non hai número mínimo.
Distr. módulos	A acordada coa empresa	A establecida no currículo
Temporalización	A acordada coa empresa	Xaneiro - xuño
Avaliación final	Setembro	Xuño
Continuidade	Condicionada	-
FCT	Exención	Apto

FP dual

Formalización

Polo réxime de persoas adultas

- **Convenio marco** de colaboración entre a Consellería de Educación, Universidade e FP e as empresas.
 - **Iniciativa:** centros educativos, servizos centrais da Consellería, empresas, institucións, etc.
 - **Asinado** pola persoa titular da consellería e as empresas.
 - **Tramitación** en servizos centrais, antes do mes de xuño de cada ano.
- **Acordo específico** de colaboración entre o centro educativo e as empresas.

Polo réxime ordinario

- **Acordo específico** de colaboración entre o centro educativo e as empresas.
 - **Iniciativa:** centros educativos, empresas, institucións, etc.
 - **Asinado** pola persoa titular do centro educativo e a empresa.
 - **Tramitación** antes do inicio da actividade formativa do alumnado.

FP dual

Programa formativo

- **O programa formativo** deberá ser **consensuado** entre o centro educativo e a empresa.
- **Finalidade:**
 - Determinar os RA e os CA susceptibles de ser alcanzados totalmente ou parcialmente na empresa.
 - Determinar o número de horas de formación, por módulo, que se adquirirán no centro educativo e na empresa.
 - Servir de referencia á elaboración da programación por parte do profesorado.
 - Determinar a distribución de módulos por curso (só no caso do réxime de persoas adultas).

FP dual

Convenio marco

No convenio marco defínense os seguintes aspectos:

- **Empresa colaboradora** que participará no proxecto.
- **Centro educativo** no que se impartirá formación.
- **Ciclo formativo**
- **Duración do proxecto**
- **Formación complementaria** á establecida nos currículos.
- **Vacacións** do alumnado, mínimo un mes por ano.
- **Remuneración** que non poderá ser inferior á metade do SMI.
- **Distribución e temporalización** dos módulos profesionais, en base ao acordado no programa formativo.

FP dual

Acordo específico

No acordo específico defínense os seguintes aspectos:

- **Empresa colaboradora** que participará no proxecto.
 - Centro de traballo.
- **Centro educativo** no que se impartirá formación.
 - Persoa titora do centro educativo.
- **Ciclo formativo**
- **Período de realización** da actividade formativa na empresa.

Só para o réxime ordinario

- **Remuneración** que non poderá ser inferior á metade do SMI.

FP dual

Vínculo do alumnado coa empresa

Réxime de persoas adultas

- **Por contrato** de formación e aprendizaxe.
Remuneración establecida na normativa laboral.
Destinatarios: persoas ata a idade máxima establecida en normativa laboral.
- **Por bolsa**
Remuneración: con carácter xeral, non poderá ser inferior á metade da contía do SMI.
Destinatarios: Ter dezoito anos ou máis no ano natural en que comece o ciclo formativo.

FP dual

Vínculo do alumnado coa empresa

Réxime ordinario

- **Por bolsa**

Remuneración: con carácter xeral, non poderá ser inferior á metade da contía do SMI.

Destinatarios: Alumnado matriculado no segundo curso do réxime ordinario dalgún ciclo formativo.

FP dual

Xestión das bolsas

A **alta na Seguridade Social** e a **remuneración** do alumnado, poden ser xestionadas:

- **Directamente pola empresa**, como un/unha traballador/a máis (traballador asimilado).
- A través dunha **entidade colaboradora**.
 - A Consellería ten establecidos protocolos de colaboración coa Fundación Empresa Universidade (FEUGA) e a Fundación Universidade da Coruña (FUAC), para actuar como entidades colaboradoras da Consellería e das empresas.

FP dual

Xestión das bolsas

A entidade colaboradora emitirá unha factura mensual á empresa en concepto de xestión da bolsa e da remuneración do alumno ou da alumna.

- No caso de FEUGA o custo de xestión da bolsa é de 48,33 EUR.
 - Seguro da accidentes: 3,33 EUR.
 - Asesoría: 10,00 EUR.
 - Xestión de FEUGA: 35 EUR.
 - Seguridade social: 0,00 EUR (RDL 8/2014)
 - Retención o alumnado: 0,00 EUR.

FP dual

Seguridade Social

O alumnado de FP dual debe estar dado de alta no réxime xeral da SS.

- **A obriga de inscrición** correspóndelle:
 - Á empresa.
 - Ou á entidade xestora do programa de bolsas (FEUGA).
- **A cotización** do alumnado **inclúe** os conceptos de:
 - **Continxencias comúns** (doenza ou accidente non laboral).
 - **Continxencias profesionais** (doenza profesional ou accidente laboral).

FP dual

Seguridade Social

Doenza común (IT) ou accidente non laboral. Continxencias comúns

A competencia para emisión dos partes de baixa, confirmación e alta é dos/das médicos/as de atención primaria.

Para ter dereito a esta prestación será necesario ter acreditado previamente un **período mínimo cotizado de 180 días**.

FP dual

Seguridade Social

Continxencias profesionais

A **xestión** das continxencias profesionais **encoméndase**, xeralmente, **a unha mutua** de accidentes de traballo e doenzas profesionais colaboradora do INSS.

- As prestacións económicas e as sanitarias serán asumidas pola mutua.
- Non hai período mínimo de cotización para ter dereito ás prestacións.

FP dual

Seguridade Social

Accidentes de traballo

Enténdese por accidentes de traballo **calquera lesión corporal** que o/a traballador/a sufra con ocasión ou **por consecuencia do traballo que se execute por conta allea**, nomeadamente:

- As lesións que sufra a persoa que desenvolve a actividade produtiva **durante o tempo de traballo e no lugar do traballo**.
- Accidente sufrido **no desprazamento *in itinere***:
 - Para realizar unha actividade encomendada pola empresa.
 - Na ida ou volta ao domicilio.

FP dual

Xestión de accidentes

Con antelación ao inicio da estadía do alumnado na empresa:

- O centro educativo solicitaralle á empresa información acerca da mutua coa que se formalizará a protección das persoas.
- O centro educativo encargarse de transmitir a información ao alumnado sobre a mutua, e o procedemento para seguir en caso de accidente.

FP dual

Xestión de accidentes

No momento do accidente

- Deberase cubrir o volante asistencial para acudir á mutua de accidentes.
- O alumno ou a alumna deberao notificar (coa colaboración do centro educativo):
 - Á empresa, se a bolsa é xestionada pola empresa.
 - A FEUGA, se a bolsa é xestionada por FEUGA.

FP dual

Xestión de accidentes

O alumnado acudirá aos centros concertados pola mutua de accidentes.

No caso dunha **urxencia vital**, deberase acudir ao centro hospitalario máis próximo.

FP dual

Axudas ao desprazamento

No ano 2019 publicarase a convocatoria de axudas para o desprazamento, durante o período de estadía na empresa, do alumnado matriculado en FP dual:

- Centro de traballo situado **en Galicia: ata 300 €**
- Centro de traballo situado **fora de Galicia: 200 € (contía fixa).**
- Centro de traballo situado **fora do territorio español: ata 1.500 €.**

Grazas pola súa atención



UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
O FSE inviste no teu futuro



**XUNTA
DE GALICIA**



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE EDUCACIÓN
Y FORMACIÓN PROFESIONAL

galicia